



**SERVIZOS DE TRANSPORTE PARA O CONCERTO DE CHEMICAL BROTHERS.
MULTIUSOS FONTES DO SAR (domingo 30/10/2016).**

Detalle dos servizos de transporte urbano para achegarse ao multiusos Fontes de Sar con motivo do concerto de Chemical Brothers, o domingo 30 de outubro:

- **SERVIZO LANZADEIRA** de xeito continuado, desde as **17:30 ata as 23:30**.
Punto de saída: **carril bus da rúa do Hórreo**, á altura da escalinata da estación de ferrocarril.
Directo ata o multiusos Fontes do Sar.
Localización da parada para acceder ás lanzadeiras:
 - Coordenadas 42.8714013,-8.5450422
 - <https://goo.gl/maps/zcxNXu3eYTx>

Ao remate do concerto, manterase o **SERVIZO LANZADEIRA** desde a 1:00 ata a finalización. Os autobuses irán desde o multiusos con destino á avenida de Lugo, cruce coa rúa do Hórreo.

Para calquera consulta acerca de horarios e percorridos das distintas liñas, teñen á súa disposición o teléfono de información do transporte urbano, con información a tempo real do estado do servizo, **901 12 00 54**; a páxina web www.tussa.org; así como os perfíles “**maisbus**” en facebook  e twitter .